

**RESOLUCIÓN DE 5 DE NOVEMBRO DE 2021 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE DECLARAN OS ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS , NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE SETEMBRO DE 2021, NO ÁMBITO DO HOSPITAL PÚBLICO DE CEE**

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee (DOG nº 187 do 28 de setembro de 2021) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Hospital Público de Cee.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria, esta Xerencia de Área,

**RESOLVE:**

**Primeiro:** Declarar, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna nas categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Hospital Público de Cee.

**Segundo:** A listaxe poderá examinarse no taboleiro de anuncios do Hospital Público de Cee e páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

**Terceiro:** Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder enmendar, de ser o caso o defecto que motivase a súa exclusión.

A Coruña, 5 de novembro de 2021

O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

 SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE | Área Sanitaria da Coruña  
e Cee  
**XERENCIA**

Asdo.: Luis Verde Remeseiro